

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA A REALIZACIÓN DA XXIII EDICIÓN DO PREMIO DE POESÍA AFUNDACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Obra Social (Afundación) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración coa Fundación Galicia Obra Social (Afundación) para desenvolver un programa conxunto encamiñado á realización dunha nova edición do Premio de Poesía Afundación, co desexo de alentar a creación poética en galego e de contribuír, deste xeito, a afianzar o sistema literario na lingua propia de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Galicia Obra Social (Afundación) consideran de interese público realizar accións conxuntas para a realización dunha nova edición do Premio de Poesía Afundación.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrència, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

